Concello de AMES

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o xoves día 18 de outubro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

***"PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DA OBRA CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR(AGRON) POS COMPLEMENTARIO 2017*.**

Expediente número: 2018/C003/000005

En Xunta de Goberno Local de 9 de agosto de 2018 procedeuse á clasificación de ofertas no expediente de licitación da obra **Camiño principal en Sandar (Agrón)**.

O clasificador en primeiro lugar foi o licitador **SYR-AMG SLU.**

Foille requirida a documentación necesaria para a adxudicación do contrato que foi achegada polo licitador. Figura informe de fiscalización favorable con observacións da Intervención Municipal (informe 397/2018).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de **Camiño principal en Sandar (Agrón)**. , obra incluida no Pos Complementario 2017, á empresa **SYR-AMG SLU**, con CIF B-15938780 e nas seguintes condicións:

Prezo: O importe da oferta do licitador ascende á 36.393,90 euros sen IVE. O IVE repercutible ó tipo do 21% ascende á contía de 7.642,72 euros.
Prazo: O prazo de execución das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobacion do replanteo salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo.
Director facultativo da obra e coordinador de seguridade e saúde: O enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, de Estudio Técnico Gallego SA.
Representante do órgano xestor: María Gamundi Fernández, que ademais de responsable do contrato, actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 35 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo do 2018).
Para tal fin, o contratista deberá facer a correspondente comunicación á representante do órgano xestor cunha antelación mínima de 10 días hábiles respecto do día proposto para a recepción das obras, ao obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo a realizar.
Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado

CVD: XgmmlNaAcjC27F7SGOFk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Terceiro.- Facultar ó señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.“

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e prace da alcaldesa por delegación (Decreto 2223/2018), en Ames, a xoves 18 de outubro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
A primeira tenente de alcalde
alcadesa por delegación (Decreto 2223/2018)

Genma Otero Uhía

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

CVD: XgmmlNaAcjC27F7SGOFk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.